

# PRINCÍPIOS RELATIVOS A UNHA EFICAZ PREVENCIÓN E INVESTIGACIÓN DE EXECUCIÓNS EXTRALEGAIS, ARBITRÁRIAS E SUMÁRIAS



# PRINCÍPIOS RELATIVOS A UNHA EFICAZ PREVENCIÓN E INVESTIGACIÓN DE EXECUCIÓNS EXTRALEGAIS, ARBITRÁRIAS E SUMÁRIAS

Adoptados polo Consello Económico e Social das Nacións Unidas en 24 de Maio de 1989, através da Resolución 1989/65, e aprovados pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 15 de Decembro de 1989, através da Resolución 44/162.

## Prevenición

1. Os gobernos prohibirán por lei todas as execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias e velarán para que todas esas execucións se tipifiquen como delitos no seu dereito penal e sexan sancionábeis con penas adecuadas que teñan en conta a gravidade de tais delitos. Non poderán ser invocadas, para xustificar esas execucións, circunstancias excepcionais, como, por exemplo, o estado de guerra ou de risco de guerra, a inestabilidade política interna, nen nengunha outra emerxencia pública. Esas execucións non se efectuarán en nengunha circunstancia, nen sequer en situacións de conflito armado interno, abuso ou uso ilegal da forza por parte de un funcionario público ou de outra persoa que actue en carácter oficial ou de unha persoa que promova a instigación ou con o consentimento ou aquiescencia daquela, nen tampouco en situa-

cións nas cais a morte ocorra na prisión. Esta prohibición prevalecerá sobre os decretos promulgados pola autoridade executiva.

2. Con a finalidade de evitar as execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias, os gobernos garantirán un controle estrito, con unha hierarquía de mando claramente determinada, de todos os funcionarios responsábeis da captura, detención, prisión, custodia e encarceramento, así como de todos os funcionarios autorizados pola lei a usar a forza e armas de fogo.

3. Os gobernos prohibirán os funcionarios superiores ou autoridades públicas de dar ordes que autoricen ou inciten outras persoas a levar a cabo calquer execución extralegal, arbitraria ou sumaria. Todas as persoas terán o dereito e o deber de negar-se a cumprir este tipo de orde. Na formación dos funcionarios encargados de facer cumprir a lei deberán ser reforzadas esas disposicións.

4. Será garantida unha protección eficaz, xudicial ou doutro tipo aos individuos e grupos que se encontren en perigo de execución extralegal, arbitraria ou sumaria, en particular a aqueles que recibían ameazas de morte.

5. Ninguén será obrigado a regresar, nen será extraditado a un país onde existan fundados motivos para crer que a persoa poda ser vítima de unha execución extralegal, arbitraria ou sumaria.

6. Os gobernos velarán para que as persoas privadas de liberdade sexan mantidas en lugares de reclusión publicamente recoñecidos, e se proporcione inmediatamente, aos seus familiares e advogados ou outras persoas da súa confianza, información exacta sobre a súa detención e paradeiro, incluídos os trasladados.

7. Inspectores especialmente capacitados, incluíndo persoal médico, ou unha autoridade independente análoga, efectuarán, periodicamente, inspeccións dos locais de reclusión, e estarán facultados a realizar inspeccións sen previo aviso por iniciativa propia, con plenas garantías de independencia no exercicio desta función. Os inspectores terán libre acceso a todas as persoas que se encontren en tais locais de reclusión, ben como a todos os seus antecedentes.

8. Os gobernos farán todo o que estiver ao seu alcance para evitar as execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias recorrendo, por exemplo, à intercesión diplomática, facilitando o acceso dos reclamantes aos órganos intergubernamentais e xudiciais e apresentando denuncias públicas. Serán utilizados os mecanismos intergubernamentais para estudar os informes de cada unha desas execucións e adoptar medidas eficaces contra tais prácticas. Os gobernos, incluídos

os dos países en que se sospeite fundadamente que se produzan execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias, cooperarán plenamente con as investigacións internacionais a respeito.

## Investigación

9. Procederá-se a unha investigación exhaustiva, inmediata e imparcial de todos os casos en que haxa sospeita de execución extralegal, arbitraria ou sumaria, incluídos aqueles en que queixas de parentes ou outras informacións confiáveis leven a pensar que teña ocorrido unha morte non devida a causas naturais nas circunstancias referidas. Os gobernos manterán órganos e procedimentos de investigación para realizar estas indagacións. A investigación terá como obxectivo determinar a causa, a forma e o momento da morte, a persoa responsable e o procedemento ou práctica que a poda ter provocado. Durante a investigación será realizada unha autopsia adecuada, serán recompiladas e analizadas todas as probas materiais e documentais e se tomará declaración às testemuñas. A investigación determinará a morte por causas naturais, a morte por accidente, o suicidio ou o homicidio.

10. A autoridade investigadora terá poderes para obter toda a información necesaria à investigación. As persoas que dirixiren a investigación disporán de todos os recursos orzamentarios e técni-

cos necesarios para unha investigación eficaz, e terán tamén facultade para obrigar os funcionarios supostamente implicados nesas execucións a comparecer e prestar declaración. O mesmo valerá para as testemuñas. Para iso, poderán citar testemuñas, inclusive os funcionarios supostamente implicados, e ordenar a presentación de provas.

**11.** Nos casos en que os procedimentos de investigación establecidos resultaren insuficientes debido à falta de competencia, à imparcialidade, à importancia do asunto ou a indicios da existencia de unha conduta habitual abusiva, así como naqueles casos en que ocorran queixas sobre esas insuficiencias por parte da familia ou que existan outros motivos substanciais para iso, os gobernos procederán a realizar investigacións conducidas por unha comisión de investigación independente ou por outro procedemento análogo. Os membros desta comisión serán eleitos en función da súa recoñecida imparcialidade, competencia e independencia persoal. En particular, deberán ser independentes de calquera institución, departamento ou persoa que poda ser obxecto da investigación. A comisión estará autorizada a obter toda a información necesaria para a investigación e a conducirla conforme o establecido nestes Principios.

**12.** Non se poderá proceder ao sepultamento, cremación, etc. do corpo da persoa morta até que un médico, se posible especialista en medicina forense, teña realizado unha autópsia adecuada. Aque-

les que realizaren a autópsia terán acceso a todos os datos da investigación, ao local onde foi descuberto o corpo e a aquele onde se supón teña ocorrido a morte. Se, despois de ter sido enterrado o corpo, resultar necesaria unha investigación, exumará-se o corpo inmediatamente e de forma adecuada para a realización da autópsia. No caso de seren descubertos restos óseos, deberá ser procedido o seu desenterramento con as precaucións necesarias e o seu estudo conforme técnicas antropolóxicas sistemáticas.

**13.** O corpo da persoa falecida deberá estar à disposición daqueles que realicen a autópsia durante un período suficiente para se proceder a unha investigación minuciosa. Na autópsia deberá tentar-se determinar, polo menos, a identidade da persoa falecida e a causa e forma de súa morte. Na medida do posible, deberán precisarse tamén o momento e o local en que esta ocorreu. Deberán ser incluídos no laudo da autópsia fotografías detalladas, a cores, da persoa falecida, con o fin de documentar e corroborar as conclusións da investigación. O laudo da autópsia deberá describer todas e cada unha das lesións presentadas pola persoa falecida e incluír calquera indicio de tortura.

**14.** Con o fin de garantir a obxectividade dos resultados, é necesario que aqueles que realicen a autópsia podan actuar imparcialmente e con independencia de calquera persoa, organización ou entidade potencialmente implicadas.

15. Os reclamantes, as testemuñas, os responsáveis da investigación e as súas familias serán protexidos contra actos ou ameazas de violencia ou calquer outra forma de intimidación. As persoas supostamente implicadas en execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias serán afastadas de todos os postos que deteñan controle ou poder directo ou indirecto sobre os reclamantes, as testemuñas e os seus familiares, ben como sobre os responsáveis das investigacións.

16. Os familiares da persoa falecida e os seus representantes legais serán informados das audiencias que se celebren, às cais terán acceso, ben como a toda a información pertinente à investigación, e terán dereito a presentar outras probas. A familia do falecido terá dereito a insistir que un médico ou outro representante seu cualificado estexa presente na autópsia. Unha vez determinada a identidade do falecido, anunciará-se publicamente o seu falecemento, e notificará-se inmediatamente a familia ou os parentes. O corpo da persoa falecida será devolvido aos seus familiares despois de completada a investigación.

17. Elaborará-se, nun prazo razoável, un relatório por escrito sobre os métodos e as conclusións das investigacións. O relatório será publicado inmediatamente e nele serán expostos o alcance da investigación, os procedimentos e métodos utilizados para avaliar as probas e as conclusións e recomendacións baseadas nos resultados de facto e na lexislación aplicável. O relatório tamén exporá deta-

lladamente os feitos concretos ocorridos, de acordo con os resultados das investigacións, ben como as probas en que se basean as conclusións, e enumerará os nomes das testemuñas que teñan prestado declaración, exceptuando aquelas cuxa identidade debe ser mantida en segredo para a súa protección. O goberno responderá, en prazo razoável, ao relatório da investigación, ou indicará as medidas que serán adoptadas como consecuencia dela.

## Procedimentos xudiciais

18. Os gobernos velarán para que sexan xulgadas as persoas que a investigación identificar como participantes de execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias, en calquer territorio sob a súa xurisdición. Os gobernos farán comparecer estas persoas ante a xustiza, ou colaborarán para extraditá-las a outros países que se propoñan submeté-las a xulgamento. Este principio aplicará-se con independencia de quen sexan os perpetradores ou as vítimas, do lugar en que se encontren, da súa nacionalidade e do lugar onde se cometeu o delito.

19. Sen prexuízo do establecido no Principio 3, *supra*, non se poderá invocar unha orde de un funcionario superior ou de unha autoridade pública como xustificativa de execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias. Os funcionarios superiores, oficiais ou ou-

tros axentes públicos poderán ser considerados responsáveis por actos cometidos por funcionarios submetidos à sua autoridade hierárquica, se tiveron oportunidade razoável de evitar tais actos. En nengunha circunstancia, nen sequer en estado de guerra, de sitio ou noutra emerxencia pública, será concedida inmunidade xudicial prévia às persoas supostamente implicadas en execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias.

20. As familias e as persoas que estaban sob a dependencia das vítimas de execucións extralegais, arbitrarias ou sumarias terán dereito a recibir, dentro de un prazo razoável, unha compensación xusta e suficiente.



